

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Ramón Menéndez Pidal
CURSO: 2º BAC.
MATERIA: Ética e Filosofía do dereito
DEPARTAMENTO: Filosofía
DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc). ▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto.. ▪ Realizar cuestionarios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Discirne entre os conceptos de "ética" e "moral", e valora a necesidade da reflexión racional sobre a moralidade como xeito de dar sentido e entender mellor un ámbito ineludible da experiencia de todas as persoas. ▪ Define "feito moral" e explica con rigor conceptual as características que distinguen os feitos morais doutras facetas da realidade humana, salientando a construción da propia persoa en cada un dos feitos morais dos que somos suxeitos. ▪ Recoñece e valora criticamente o carácter histórico-cultural dos códigos morais, pondo exemplos deste carácter buscados e seleccionados en internet, e identificando os procesos de reprodución e transmisión deses códigos nos distintos contextos históricos e culturais onde xurdiron e operan. ▪ Recoñece os caracteres do etnocentrismo, identificando lexitimacións históricas de imposicións etnocéntricas de normas e valores morais, e amosando especial coidado por evitar esa actitude cando se axuízan valores e normas de culturas alleas. ▪ Valora criticamente o intento de fundamentar a validez das normas morais na realidade obxectiva, en forma de entidades ou calidades morais, localizando en internet e describindo algún exemplo dese tipo de fundamentación, e reflexionando sobre a dificultade de establecer criterios para aceptar tanto a realidade desas entidades ou calidades morais como a validez dos coñecementos que puidésemos ter delas. ▪ Expón a dimensión prescritiva da ética e a súa utilidade para fundamentar códigos morais racionalmente baseados, disertando por escrito sobre as consecuencias que para a racionalidade supón a variedade destes códigos. ▪ Utiliza o rigor e a precisión conceptual e terminolóxica para analizar criticamente textos filosóficos de autores que se ocuparon de definir o ben moral, como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoicos, Tomé de Aquino, Kant ou Stuart Mill e outros, e identifica neles os trazos máis salientables das súas teorías éticas. ▪ Identifica os trazos básicos do utilitarismo, amosando tanto o que o une á tradición clásica das éticas da felicidade como o que o separa delas, por esquecerse da virtude do axente e pór nas consecuencias medibles todo o peso do xuízo moral. ▪ Comenta e explica as tres formulacións do imperativo categórico kantiano, pondo de relevo como cada unha delas (universalidade, persoa como ben en si e autonomía da vontade) contribúe á pura formalidade, e valorando a esixencia de rigor analítico que termina por plasmarse no amor ao deber como norma básica e máxima de acción. ▪ Argumenta, en colaboración grupal, sobre problemáticas éticas contemporáneas, identificando as posicións que sobre eses problemas manteñen as teorías éticas, e incorporando na súa análise moral tanto o plano material como o formal-procedemental das normas, transferindo a situacións concretas os conceptos e os principios éticos adquiridos. |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue as características propias das normas xurídicas, pondo exemplos propios de como outros códigos normativos non reúnen todos eses trazos. ▪ Explica e caracteriza con precisión a noción de dereito e a súa conexión cos principios básicos da moralidade, salientando as posibles semellanzas, diferenzas e relacións dialécticas entre as normas morais e as legais. ▪ Expón a posición da lei natural no contexto da teoría da lei de Tomé de Aquino, identificando os ámbitos da acción humana nos que se manifesta, e argumentando a posición subsidiaria en que queda a lexislación positiva sobre eses ámbitos. ▪ Identifica no concepto de xustiza a referencia á intersubxectividade e aos criterios para repartir bens, dereitos, obrigas e cargas entre os membros dun grupo, e explica como estes trazos permiten que sirva coma ponte entre o ámbito da moral e o do dereito, podendo ser tomada como a finalidade última dos ordenamentos xurídicos. ▪ Explica o concepto de xustiza distributiva, comparándoa cos outros tipos de xustiza. ▪ Explica como a democracia é a forma de goberno que máis se adecúa ao ideal de xustiza, comprendendo e valorando o carácter específico da lexitimidade democrática fronte a outras modalidades de lexitimación. ▪ Identifica e define con rigor os valores esenciais dos sistemas democráticos (liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político) e, en colaboración grupal, elabora a presentación dunha distopía onde un deses valores desaparecera. ▪ Explica as limitacións aos ideais de democracia, xustiza e dereitos humanos derivadas do feito de que os ordenamentos xurídicos sexan estatais, reflexiona sobre a problemática do dereito internacional, e formula as súas propias conclusións ao respecto dos medios para facer real unha xustiza global, valorando a contribución das institucións internacionais nese sentido. ▪ Analiza criticamente texto sobre a problemática anterior. |
|--|---|

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Facer esquemas dos temas do libro de texto (editorial Edicións Xerais) relacionados cos estándares de aprendizaxe (temas 8, 9, 10, 11 e 14). ▪ Comentar catro textos de filosofía moral, política e do dereito relacionados cos estándares de aprendizaxe. |
| | Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballo individual; utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc). ▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto. ▪ Realizar probas específicas: cuestionario de recuperación. |
| Cualificación final | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <ul style="list-style-type: none"> ▪ A cualificación final é a cualificación da 2ª avaliación (a avaliación é continua). ▪ Esta cualificación poderá verse incrementada ata 1 punto polo traballo realizado durante este 3º trimestre (0,5 pola esquema e 0,5 polos comentarios de texto). Tamén permitirá a recuperación da materia. |
| Proba extraordinaria de setembro | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización dun exame de catro preguntas (2,5 puntos cada unha) sobre os contidos do 1º e 2º trimestre. |
| Alumnado de materia pendente | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| Actividades | <ul style="list-style-type: none">▪ Recuperación e ampliación |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <ul style="list-style-type: none">▪ Ler o temas 8, 9, 10, 11 e 14 do libro de texto (apartado “Precisando conceptos”) e facer o esquema.▪ Comentar catro textos de filosofía moral, política e do dereito.▪ Visionar as películas publicadas en Google Drive.▪ As dudas e aclaracións serán resoltas a través do correo electrónico. |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none">▪ Libro de texto▪ Gravacións explicativas dos temas▪ Material audiovisual |

| 4. Información e publicidade | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxina web do centro ▪ Abalar ▪ Aula virtual |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |